

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: extraordinaria urxente

NÚMERO: 2018/5

DATA: luns 16 de abril de 2018

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 20:22 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacto esta acta.

### ASISTEN

BNG  
TOBIAS BETANZOS REGO  
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA  
ADELINA CES QUINTANS  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO  
RAQUEL GARCIA ABUIN  
PP  
MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN  
ELISA BOUZAS VICENTE  
ADRIÁN VIDAL IGLESIAS  
MARÍA JESUS GALBAN TEIJEIRO  
PSdeG-PSOE  
MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO  
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES  
MARTÍN COMOJO VICENTE  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES  
Rianxo en Común-SON  
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ  
ANTONIO CASTRO CASTRO

### AUSENTES

PP ADELA BECERRA MAYO

### ORDE DO DÍA

1. Ratificación da urxencia
2. Subvención IDAE Proxecto de renovaci3ns das instalaci3ns do alumeado p3blico exterior no Concello de Rianxo
3. Compromiso de habilitaci3n de cr3dito para a achega municipal do Proxecto de renovaci3n das instalaci3ns do alumeado p3blico exterior do Concello de Rianxo

### DELIBERACI3NS

As intervenci3ns desta sesi3n est3n incorporadas 3 acta multimedia que consta no expediente electr3nico con n3mero 2018/G010/000005 e identificado pola pegada dixital:

**-1691717225**

Este documento electr3nico asinado dixitalmente pode ser cotexado co seu orixinal co C3digo de Verificaci3n Dixital (CVD) que se indica 3 marxe na Sede Electr3nica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>**

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

## **1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

Con data 03 de abril de 2018 o Instituto para la Diversidad y Ahorro de la Energia - IDAE - require ao Concello a subsanación de documentación correspondente a subvención solicitada por Resolución da Alcaldía nº 644/2017 do 18 de xullo de 2017 de acordo co publicado no BOE nº 144, de 17/06/2017 do Real Decreto polo que regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 .

A Vista de dito requirimento, e que ó prazo de presentación da documentación solicitada remata na aplicación web ó 18 de abril de 2018, é urxente a aprobación da documentación solicitada.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos membros presente que legalmente constitúen a corporación.

## **2 SUBVENCIÓN IDAE PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR NO CONCELLO DE RIANXO**

No BOE núm. 144, de 17/06/2017 publicouse o Real Decreto polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

A documentación esixida para a participación na convocatoria de ditas subvencións foi elaborado en base a auditoría enerxética elaborada por Facilita Ingeniería, SL

Por Resolución de Alcaldía 18/7/2017 nº 644/2017 solicitouse aprobar a participación do concello de Rianxo en este procedemento co seguinte "PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR NO CONCELLO DE RIANXO" con un orzamento de 998.395,10€

O 3/04/2018 recíbese notificación electrónica de requirimento do Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía IDAE pola cal requiríse ao Concello de Rianxo emenda da documentación presentada requirindo entre outras cuestións certificado do acordo plenario da solicitude.

Unha vez elaborada a memoria descritiva das actuacións a acometer (Anexo I) propónse ao pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

## PRIMEIRO

A participación e aceptación expresa do procedemento regulado polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

## SEGUNDO

Que no marxe de este procedemento preténdense levar a cabo a seguinte actuación coa dotación orzamentaria que se indica:

Actuación	Descrición da actuación	Orzamento previsto
<i>Proxecto de renovación de instalacións de alumeado público exterior no Concello de Rianxo</i>	<i>Renovación das instalacións de alumeado público, iluminación pública e sinalización pública exterior existentes no Concello de Rianxo para a mellora da súa eficiencia enerxética e a consecuente redución das emisións de dióxido de carbono.</i>	<i>PBL*: 825.119,89 € IVA: 173.275,18 € PBL con IVA: 998.395,07 €</i>

\*PBL: Orzamento base de licitación

## TERCEIRO

Que o orzamento indicado para esta actuación pode atoparse condicionado a obtención de cofinanciación FEDER para levala a cabo.

A memoria descritiva da actuación a acometer inclúese como anexo a esta proposta elaborado por Jesus Manuel Dubra Liste, Enxeñeiro técnico industrial colexiado nº3048 del Colegio Oficial de enxeñeiros técnicos industriales da Coruña (asinada o 2018.04.13.12:50.11 )

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos membros presentes, APROBAR a proposta nos termos da mesma.

### **3 COMPROMISO DE HABILITACIÓN DE CRÉDITO PARA A ACHEGA MUNICIPAL DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE RIANXO**

O Concello de Rianxo solicitou unha subvención para a actuación Proxecto de renovación das instalacións do alumeado público exterior do Concello de Rianxo ao abeiro do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-20.

O 03/04/2018 recibíuse a notificación electrónica do requirimento de emenda remitido polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) en relación á solicitude de subvención para o Proxecto de renovación das instalacións do alumeado público exterior

do Concello de Rianxo.

Entre a documentación requirida figura:

“2. O certificado de disposición de crédito suficiente para levar a cabo as actuacións formuladas ou o compromiso de habilitar crédito emitido pola Intervención da entidade local ou a unidade administrativa que exerza as súas funcións.

Solicítase un certificado emitido pola Intervención ou a unidade administrativa que exerza as súas funcións, de habilitar o crédito suficiente para financiar o proxecto, mentres que a documentación que se achega é unha declaración do alcalde (apartado 4.b) do artigo 12 do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño)”.

Os datos do proxecto son os seguintes:

**Orzamento total:** 998.395,07 €

**Achega municipal:** 199.679,01 €

**Achega FEDER:** 798.716,06 €

Na memoria da solicitude da subvención detállanse as actuacións incluídas no orzamento:

<b>Actuación</b>	<b>Importe total</b>	<b>Subvención (80%)</b>	<b>Achega municipal (20%)</b>
Redacción do proxecto	30.105,63	24.084,50	6.021,13
Dirección facultativa	21.774,13	17.419,30	4.354,83
Contrato do subministro	946.515,31	757.212,26	189.303,05
<b>Total</b>	<b>998.395,07</b>	<b>798.716,06</b>	<b>199.679,01</b>

Tendo en conta os prazos máximos previstos no artigo 13 do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, que son os mesmos que os previstos na memoria da solicitude, procede unha distribución por anualidades das diferentes actuacións:

Un prazo de 6 meses desde a notificación da concesión da subvención para iniciar a contratación

Un prazo dun ano desde a notificación da concesión da subvención para formalizar a contratación.

<b>Actuación</b>	<b>Ano</b>	<b>Importe total</b>	<b>Subvención (80%)</b>	<b>Achega municipal (20%)</b>
Redacción do proxecto	2018	30.105,63	24.084,50	6.021,13

Dirección facultativa	2019	21.774,13	17.419,30	4.354,83
Contrato do subministro	2019	946.515,31	757.212,26	189.303,05
<b>Total</b>		<b>998.395,07</b>	<b>798.716,06</b>	<b>199.679,01</b>

Anualidade	Importe total	Subvención (80%)	Achega municipal (20%)
2018	30.105,63	24.084,50	6.021,13
2019	968.289,44	774.631,56	193.657,88
<b>Total</b>	<b>998.395,07</b>	<b>798.716,06</b>	<b>199.679,01</b>

Tendo en conta que verifícase a existencia de crédito axeitado e suficiente para a achega municipal da anualidade 2018, é preciso que o Pleno adopte o compromiso de habilitar o crédito suficiente para financiar a achega municipal da anualidade 2019.

En virtude das competencias desta Alcaldía, PROPOÑO AO PLENO:

#### PRIMEIRO

Adoptar o compromiso de habilitar o crédito axeitado e suficiente para financiar a achega municipal do proxecto de renovación das instalacións do alumeado público exterior no Concello de Rianxo, da anualidade de 2019.

Anualidade	Importe total	Subvención (80%)	Achega municipal (20%)
2018	30.105,63	24.084,50	6.021,13
2019	968.289,44	774.631,56	193.657,88
<b>Total</b>	<b>998.395,07</b>	<b>798.716,06</b>	<b>199.679,01</b>

#### SEGUNDO

Rexistrar na contabilidade un RC de exercicios futuros para o ano 2019 polo importe da achega municipal de 193.657,88 €.

#### TERCEIRO

Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal e ao departamento que xestiona a subvención

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos membros presentes, APROBAR a

proposta nos termos da mesma.

Rianxo, venres 20 de abril de 2018

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez